| Contacontos por parte das familias | Todo o curso | | Equipo de biblioteca |
| Día do libro : lectura en castelán de “El Quijote” | | Todos os cursos | Equipo de biblioteca, e titorías |
| Semana da poesía, lectura poemas | 21-25 de marzo | Todos os cursos | Titorías |
| Hora semanal de biblioteca | Todo o curso | Todos os niveis | Titorías |

Actuacións recollidas nas programacións:

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| Hora do conto | diaria | Educación Infantil | Titoría |
| Visita á biblioteca do centro. | semanal | Educación Infantil | Titoría |
| Mochila viaxeira. | semanal | Educación Infantil | Titoría |
| Carpeta de conto da biblioteca de aula para a fin de semana | semanal | Educación Infantil | Titoría |
| Recanto de biblioteca | diaria | Educación Infantil | Titoría |
| Relacionadas coas actividades complementarias:<br>Día das bibliotecas<br>Contacontos<br>Semana das Letras Galegas | | Educación Infantil | Titoría, EDL |

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| Lectura en páxinas web diversas (blog de Mascotilandia, da Biblioteca e EDNL…). | Todo o curso | 1º e 2º E.P. | Titorías |
| Técnicas, materiais eestratexias de animación á lectura propostas pola orientadora do centro | Todo o curso | Todos | Titorías, D.O. |
| A mascota da biblioteca, Lampi, propón actividades de xeito esporádico para animar á lectura | (no día 24deoutubro,na semana da prensa, no día do libro…) | 1ºe2ºE.P. | Titorías, D.O. |
| Participación na semana da prensa e día do Libro. | 3º trimestre | 1ºe2º E.P. | Titorías, D.O. |
| Lectura da prensa. | 3ºtrimestre | 1ºe2ºE.P. | Titorías |
| Elaboración de novas por parte do alumnado. | 3º trimestre | 1º e2º E.P. | Titorías |
| Fichas de lectura para compartir a lectura coa familia | Todo o curso | 1ºe2º E.P. | Titorías |
| Préstamo ao alumnado de libros da biblioteca do colexio | Todo o curso | 1ºe2ºE.P. | Titorías |
| Creación de textos | Todo o curso | 1ºe2º E.P. | Titorías, D.O. |
| Actividades do Magosto | 1º trimestre | 1º e2º E.P. | |
| Actividades do Salón do libro | 1º e 2º trimestres | 1ºe2º | Titorías, D.O. |
| Actividades das Letras Galegas | 3º trimestre | 1ºe2º E.P. | Titorías, D.O. |
| Hora semanal dedicada á lectura e préstamo de libros na biblioteca (semanal) | Todo o curso | 1º e 2º E.P. | Titorías |
| Servizo de préstamo da biblioteca de aula. | Todo o curso | 1ºe2º E.P. | Titorías |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Libros seleccionados para a lectura:<br>La selva de los números<br>Sempre tes que meter o nariz | 1º trimestre | 3ºEP | Titorías |
| Libros seleccionados para a lectura:<br>Somos os monstros<br>Un libro da biblioteca dixital, aínda sen concretar. | 1º trimestre | 4º E.P. | Titorías |
| Libros seleccionados para a lectura:<br>Bruxa e familia<br>Fon Cósmico, o bombeiro | 1º trimestre | 5º E.P. | Titorías |
| Libros de lectura da biblioteca dixital, aínda sen deterrminar | 1º, 2º e 3º trimestres | 4º, 5º e 6º de E.P. | Titorías e Mestra de Inglés |

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| Biblioteca de aula | Todo o curso | 3º,4º,5º e 6ºEP | Titorías |
| Visita á biblioteca do centro | Todo o curso | 3º,4º,5º e 6ºEP | Titorías |
| Lectura diaria en diferentes formatos(diaria) | Todo o curso | 3º,4º,5º e 6ºEP | Titorías |
| Actividades do Magosto | 1º trimestre | 3º,4º,5º e 6ºEP | Titorías |
| Actividades do Salón do libro | 2º trimestre | 3º,4º,5º e 6º EP | Titorías |
| Actividades da Semana da Prensa e o Libro e Letras Galegas | 3º trimestre | 3º,4º,5º e 6ºEP | Titorías |
| Lectura da prensa (colaboración con La Voz de Galicia, prensa na escola )en formato papel | Ao longo do curso | 6ºEP | Titorías |
| Visitas de autoras e autores (dous no curso) | Ao longo do curso | 3º,4º,5º e 6ºEP | Titorías |
| Sesións de animación lectora dos libros de lectura obrigada. | Ao longo docurso | 3º,4º,5ºe 6ºEP | Titorías |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Préstamo de libros da biblioteca do departamento de orientación sobre temas transversais e valores para o alumnado de 4º,5º e 6º | 3º trimestre | 3º,4º,5º e 6º EP | Titorías e D.O. |

## 13. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL

- Constitución do equipo

| Nome da persoa coordinadora | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| Cristina Otero Calvo | 1 | EP |
| **Nome equipo apoio/dinamización** | | **Nivel/Especialidade** |
| María Carmen Ruibal García | | Titora EI |
| Tatiana Acuña Díaz | | Titora EP |
| Susana Fariña Rodríguez | | Titora EP |
| Liliana Gutiérrez Viso | | Titora EP |
| Blanca González Gómez | | Titora EP |
| Mª Jesús Fontán Argibay | | LE: Inglés |

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

| **Obxectivo 1: Incrementar a utilización por parte do alumnado das ferramentas dos espazos virtuais de aprendizaxe.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Composición do grupo de traballo (CCP/TIC) para deseñar as enquisas. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ✘** | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | Creación do grupo de traballo. | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado. | | |
| **Recursos e materiais** | Convocatoria. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 2** | Elaboración das tarefas interdisciplinares, globalizadas e verticais de centro empregando ferramentas dixitais. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ✘** | **2º T ✘** | **3º T ✘** |
| **Indicador** | Crear unha por trimestre. | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado. | | |
| **Recursos e materiais** | Actas, enquisas e tarefas deseñadas. | | |
| **Acción 3** | Publicación e proba das enquisas. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T ✘** |
| **Indicador** | Resultados da enquisa recollidos na memoria do Plan Dixital. | | |
| **Responsables** | CCP e Equipo TIC. | | |
| **Recursos e materiais** | Gráfica de resultados, ordenadores e tabletas. | | |
| **Acción 4** | Valoración e propostas de mellora. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T ✘** |
| **Indicador** | Análise dos resultados da enquisa recollidos na memoria do Plan Dixital. | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado. | | |

| **Obxectivo 2: Facilitar que o alumnado de terceiro ciclo use tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Reunión do grupo de ciclo. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ✘** | **2º T ✘** | **3º T ✘** |
| **Indicador** | Convocatoria da reunión | | |
| **Responsables** | Equipo de ciclo | | |
| **Recursos e materiais** | Convocatoria | | |
| **Acción 2** | Determinación das tarefas a presentar. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T ✘** | **3º T ✘** |
| **Indicador** | Acta da reunión onde se recollen as tarefas a presentar. | | |
| **Responsables** | Equipo de ciclo. | | |
| **Recursos e materias** | Actas, listaxes de cotexo e propostas de intervención. | | |
| **Acción 3** | Avaliación das propostas e gráficas de presentación da aula virtual. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T ✘** |
| **Indicador** | Resultados da avaliación recollidos na memoria.. | | |
| **Responsables** | Equipo de ciclo | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Recursos e materiais** | Producións e gráficas de participación. | | |
| **Acción 4** | Valoración e propostas de mellora. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T ✘** |
| **Indicador** | Analise dos resultados recollidos na memoria | | |
| **Responsables** | CCP e Equipo TIC | | |
| **Recursos e materias** | Grafícas | | |

| **Obxectivo 3: Dispor dunha biblioteca en liña no centro.** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Identificación da APP "bega-elbe2" | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ✘** | **2º T ✘** | **3º T ✘** |
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | Equipo de Biblioteca | | |
| **Recursos e materiais** | Descargar a App "Bega-elbe2" | | |
| **Acción 2** | Introdución da APP "bega-elbe2" e o repositorio por parte da comunidade educativa | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ✘** | **2º T ✘** | **3º T** |
| **Indicador** | Folletos explicativos e convocatoria de reunión de formación. | | |
| **Responsables** | Equipo de Biblioteca. | | |

## 14. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE

Elaborarase este curso o Plan de Actividades Físicas e hábitos saudables.

## 15. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

| | LINGUA GALEGA | | | | | | | LINGUA CASTELÁ | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **EP** | LGL | CN | CS | E. P. V. | M.D. | RELIXIÓN / PROX. COMPETENCIAL | EVCE | MAT | LCL | EF | RELIXIÓN /PROX. COMPETENCIAL | **LGL / LCL** |
| **1º** | 4 | 3 | 2 | 1 | 1 | 1 | | 5 | 4 | 2 | | 12/11 |
| **2º** | 4 | 2 | 3 | 1 | 1 | | | 5 | 4 | 2 | 1 | 11 /12 |
| **3º** | 4 | 3 | 2 | 1 | 1 | | | 4 | 4 | 2 | 1 | 11/ 11 |
| **4º** | 4 | 2 | 3 | 1 | 1 | | | 4 | 4 | 2 | 1 | 11/ 11 |
| **5º** | 4 | 3 | 2 | 1 | 1 | | | 4 | 4 | 2 | 1 | 11/ 11 |
| **6º** | 4 | 2 | 2 | 1 | 1 | | 1 | 4 | 4 | 2 | 1 | 11/11 |

### 15.1. RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL

O resultado da enquisa é o seguinte:

**Castelán:** 42 nenos e nenas.

**Galego:** 5 nenos e nenas.

**Árabe:** 1 neno.

## 15.2. Constitución do equipo de Dinamización de Lingua Galega

| Nome da persoa coordinadora | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| Beatriz Gende Quintela | 2 | Titor/a |
| **Nome equipo apoio/dinamización** | | **Nivel/Especialidade** |
| Patricia del Río | | Titor/a EP |
| Clara Varela | | Titor/a EP |
| Andrea Rodríguez | | Titor/a EP |
| Carmen Rois | | Titor/a EP |
| Maite López | | Titor/a EP |
| Saray Cadenas | | AL |
| Nieves Boente | | LE: Inglés |

## 15.2. Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior e propostas de mellora para o curso seguinte

Incrementar o número de actividades de expresión oral e escrita nas programacións de Lingua galega e Literatura evitando usar os contidos gramaticais como eixos, estes traballaranse contextualizados (cando cumpra) en aspectos totalmente comunicativos e funcionais.

Promover o uso do galego como lingua de comunicación oral entre o alumnado e o profesorado, entre o profesorado e as familias e entre o propio profesorado.

## 15.3. Actividades que se van desenvolver ao longo do curso para o fomento e dinamización da lingua galega

| **Obxectivo:** Fomentar a participación en actividades de emprego da lingua escrita e oral mediante elaboración de distintos proxectos, concursos de poesía, contos, liñas do tempo, elaboración de distintos textos (anuncios, noticias de xornal, carteis, pancartas, textos descritivos, textos instrutivos. poemas…) | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | CERTAME DE POESÍA<br>Composición, recitado, edición dos poemas e distribución | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** X |
| **Indicador** | Participar o 100% do alumnado na composición de poemas | | |
| **Responsables** | Equipo de dinamización lingüística/titorías | | |
| **Recursos e** | Orzamento para a edición dos poemas | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **materiais** | | | |
| **Acción 2** | Día da Paz<br>Elaboración de carteis | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | Participar o 100% do alumnado | | |
| **Responsables** | Titorías; EACE, Equipo Biblioteca; Equipo TIC, D.O. | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible | | |
| **Acción 3** | Redacción xuízo, testamento e ladaíñas para o Entroido | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** X | **3º T** |
| **Indicador** | Participar o alumnado de 3º,4º,5º e 6º de EP | | |
| **Responsables** | Titorías | | |
| **Recursos e materiais** | Material funxible | | |
| **Obxectivo:** Propiciar dende o centro que as familias participen activamente nas actividades que se fagan en lingua galega. | | | |
| **Acción 1** | Colaboración nos proxectos de aula | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Participar o 100% das familias | | |
| **Responsables** | Equipo de dinamización lingüística/Titorías | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Obxectivo**: Participar en actividades dinamizadoras promovidas por outras institucións: concello, institucións, biblioteca pública, museo… | | | |
| **Acción 1** | SALÓN DO LIBRO | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** X | **3º T** |
| **Indicador** | Participar todo o alumnado | | |
| **Responsables** | Equipos do centro/titorías | | |
| **Recursos e materiais** | Materiais funxibles | | |
| **Acción 2** | Asistencia a actividades de música, teatro | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | **Participar o 100% do alumnado** | | |
| **Responsables** | Titorías e profesora de música | | |
| **Recursos e** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **materiais** | | | |
| **Obxectivo: :** Incrementar o número de actividades en galego na biblioteca do centro. | | | |
| **Acción 1** | Mércores de conto<br>Dramatizacións<br>Conferencias<br>Clubes de lectura<br>Obradoiros de expresión escrita | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Participar o 50% do alumnado | | |
| **Responsables** | EDLG/equipo de biblioteca… | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Obxectivo**: Planificar actividades encamiñadas a mellorar a competencia lingüística do profesorado. | | | |
| **Acción 1** | Difusión de materiais entre o profesorado | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Participar o 100% do profesorado | | |
| **Responsables** | Equipo de dinamización lingüística | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Obxectivo:** Fomentar o coñecemento da música, a literatura, a arte, o cinema …a cultura galega, en xeral, e as tradicións | | | |
| **Acción 1** | Celebración das Letras Galegas | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** X |
| **Indicador** | Participar o 100% do alumnado | | |
| **Responsables** | Equipo de dinamización lingüística | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Acción 2** | Día de Rosalía | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** X | **3º T** |
| **Indicador** | Participar o 100% do alumnado | | |
| **Responsables** | Equipo de dinamización lingüística/Titorías/ Equipo Biblioteca/Equipo TIC, Equipo AEAC | | |
| **Recursos e materiais** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 5** | Celebración do magosto e o Entroido | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** |
| **Indicador** | Participar o 100% do alumnado | | |
| **Responsables** | EDL, Equipo de Biblioteca,Equipo de actividades complementarias, Equipo TIC, departamento de orientación… | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Obxectivo:** Apoiar co uso das TIC as actividades de dinamización lingüística, achegando as actividades escolares ás nais e aos pais por medio dos distintos blogs do centro | | | |
| **Acción 1** | BLOGS | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | EDLG e titorías | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Acción 2** | Uso de ROBOTS para apoiar diferentes actividades propostas | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Participar o 100% do alumnado | | |
| **Rresponsables** | Equipo TIC, Equipo Biblioteca, titorías, EDLG e Dpto Orientación | | |
| **Recursos e materiais** | Taboleiros confeccionados no centro, diferentes robots | | |
| **Obxectivo:** Empregar as tecnoloxías en lingua galega para os proxectos de centro e de aula, para as comunicación con outros centros… | | | |
| **Acción 1** | Difusión de novidades sobre medios de comunicación dixitais en galego e webs de interese | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Difundir webs e medios dixitais en galego | | |
| **Responsables** | EDLG | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Acción 2** | Intercambio de correos electrónicos | | |
| | **Temporalización** | | |

| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
|---|---|---|---|
| **Indicador** | Participar o 25% do alumnado | | |
| **Responsables** | Titorías | | |
| **Recursos e materiais** | | | |

## 15.1. MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S),INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN

Este curso funcionarán no centro 4 Seccións Bilingües, dúas en 5º de EP e outras dúas en 6º de EP. Impártese a materia de Expresión Plástica e Visual en galego e inglés. Este curso volvemos contar cun auxiliar de conversa exclusivo para o noso centro.

# 16. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## 16.1. CONSTITUCIÓN DO DO

Seguindo o establecido no artigo 11 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*: "Ao comezo de cada curso escolar, os departamentos de Orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da programación xeral anual".

Esta proposta está deseñada para o CEIP VILAVERDE-MOURENTE, que conta con 6 unidades de educación infantil e 13 unidades de educación primaria (19 unidades), e aglutina un total de 428 alumnos e alumnas (139 en Educación Infantil e 289 en Educación Primaria), neste curso escolar, e 36 mestres e mestras.

En concreto, o Departamento de Orientación confórmano as seguintes persoas:

| **Nome Xefe/a** | |
|---|---|
| YOLANDA GONZÁLEZ | |
| **Nome membros** | **Nivel/Especialidade** |
| ALICIA MOGROVEJO | AL |
| SARAY CADENAS | AL |
| SUSANA NIETO | PT |
| MARTA ARROYO | PT |
| Mª CARMEN RUIBAL | Coordinadora EI |
| CRISTINA OTERO | Coordinadora 1º ciclo EP |
| SUSANA FARIÑA | Coordinador 2º ciclo EP |
| PATRICIA DEL RÍO | Coordinadora 3º ciclo EP |

As reunións deste equipo celebraranse no horario non lectivo de dedicación directa ao centro, preferentemente o último martes de cada mes, nas horas de permanencia pola tarde, sen prexuízo de que o profesorado poida realizar sesións de coordinación en horario lectivo normal, se se dá a coincidencia de horas libres e non haxa outros asuntos (substitucións, apoios...) que atender. Levantaranse actas de todas as reunións.

O horario de referencia da xefa de departamento será o seguinte:

| Orientadora | Apelidos e Nome | | YOLANDA GONZÁLEZ | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Nº Sesión | Hora | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| 1ª | 9:00-09:55 | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN |
| 2ª | 09:55-10:50 | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN |
| 3ª | 10:50-11:45 | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN |
| RECREO | 11:45-12:10 | ORIENTACIÓN | GARDA RECREO | ORIENTACIÓN | GARDA RECREO | GARDA DE RECREO |
| 4ª | 12:30-13:15 | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN |
| 5ª | 13:15-14:00 | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN |

## 16.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

A partir da análise do contexto, xunto coas demandas efectuadas pola comunidade educativa, determinamos as principais necesidades xerais en canto á atención á diversidade no centro, podemos sintetizalas en:

- **Necesidades relativas ao contexto:**

Necesidades relativas ás familias:

-Mellorar o traballo coas familias a través dun maior asesoramento e apoio a nivel individual, establecendo pautas e compromisos de colaboración.

Necesidades relativas ao contorno:

-Continuar establecendo canles de comunicación e colaboración cos distintos servizos e institucións.

-Manter un seguimento coas asociacións, gabinetes e demais entidades externas que interveñen co alumnado NEAE.

- **Necesidades relativas ao centro:**

-Asesoramento en cuestións legais.

- **Necesidades relativas aos profesorado:**
  -Continuar cun horario flexible e aberto as súas necesidades e demandas.
  -Informar sobre os recursos e metodoloxías actuais.

- **Necesidades relativas ao alumnado:**
  -Mellorar as avaliacións psicopedagóxicas e a actualización dos informes.
  -Levar a cabo orientacións grupais dalgúns alumnos/as.
  -Realizar informes para o alumnado que vai cambiar de etapa xunto co titor/a.

A detección e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións: avaliación inicial, sesións de avaliación, reunións con profesores e familias e cando sexa preciso avaliación psicopedagóxica. A partir das distintas avaliacións realizadas durante o curso obteranse unha serie de datos e, en función deles, axustarase a resposta educativa.

A principios de curso, o profesorado titor, realizará a avaliación inicial e establecerá o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo. Mediante a mesma detectará as posibles **necesidades educativas específicas de apoio educativo.** Se se detectan, comunicaranse á xefa do Departamento de Orientación que rexistrará a información e despois dunha valoración do caso asesorará no deseño das posibles medidas de reforzo encamiñadas a solucionar as dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe.

Nun principio tentarase de dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das medidas ordinarias, nos casos nos que sexa preciso realizar unha **avaliación psicopedagóxica** a orientadora comunicaralle á familia a necesidade de levala a cabo. O resultado da mesma será o **informe psicopedagóxico**, no que, entre outras, se recollerán as medidas de atención á diversidade que se lle aplicarán a dito alumno/a, así como se establecerán as necesidades específicas de apoio educativo e os recursos e medidas de carácter extraordinario, indicando se son temporais ou permanentes. Estas decisións poden ser relativas á proposta curricular, ás modificacións no contexto educativo, á provisión de axudas persoais, materiais e modalidade de apoio e, por último, á colaboración coa familia.

Nalgúns casos pode ser precisa a intervención do **Equipo de Orientación Específico** (EOE) tanto para o asesoramento na avaliación psicopedagóxica do alumnado como para o asesoramento na adopción de medidas de atención á diversidade, nese caso a xefa do Departamento de Orientación solicitaría a súa intervención seguindo os protocolos establecidos.

En certos casos de alumnado será preciso colaborar cos Servizos de Saúde, Servizos Sociais ou Menores, nese caso a xefa do Departamento de Orientación fará a coordinación necesaria mediante os protocolos establecidos para tal caso.

No caso do alumnado de nova incorporación con NEAE, realizarase unha entrevista coa familia do alumno/a na que se recompilarán os datos máis importantes referidos á evolución do neno/a.

Cando se identifiquen determinados alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a discapacidade física, sensorial, intelectual... pediráselle aos pais a documentación que así o acredite. Esta situación poñerase en coñecemento do Equipo Directivo quen, á súa vez, o comunicará á Inspección de zona para que llo transmita ao EOE co fin de realizar un Ditame de escolarización, de ser necesario.

A nivel xeral este curso as necesidades que se detectan relaciónanse coa elevada cantidade nas aulas de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ben permanentes ou non permanentes. Como permanentes destaca o número de alumnado con TDAH/TDA e TEA, ao que hai que engadir alumnado con DEA, ademais de retrasos académicos (sobre todo nas instrumentais básicas. Estes últimos cursos vimos observando a necesidade de apoios específicos na área de lingua estranxeira e axudas con determinado alumnado en Educación Física e Música) e a incidencia de alumnado con NEAE non permanentes: dislalias evolutivas; para o que a dispoñibilidade de horas de apoio impartidas por profesorado especialista en PT e Al non son suficientes.

| TEA | DISCAPACIDADE | THDA, TDA, TC | DEA (DISLEXIA) | RETRASO IMPORTANTE DE LINGUAXE/TEL | DISCAPACIDADE SENSORIAL HIPOACUSIA | PROBLEMAS DE LINGUAXE ORAL, DISLALIAS | RETRASO ACADÉMICO IMPORTANTE | AACC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | 9 | 11 | 4 | 5 | 1 | 56 | 17 | 1 |

**Non se contabiliza alumnado en estudo ou n proceso de valoración.*

## 16.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO.

Concíbese a atención á diversidade como un conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de dar resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e interese e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas poden ser ordinarias e extraordinarias, sendo utilizadas estas últimas unha vez esgotadas outras de carácter ordinario.

- **Atención ordinaria (artigo 8 D229):**

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a. As medidas que se poden poñer en marcha son:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de recuperación.
- Programas de habilidades sociais.

- **Atención extraordinaria (artigo 9, D229):**

Na atención do alumnado con NEAE, e dende o punto de vista propiamente académico, poden establecerse varias vías de atención:

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- Grupos de adquisición das linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.

En xeral, as medidas de atención serán:

| |
|---|
| Apoio PT |
| Apoio AL |
| Deseño de AC |
| Reforzo nas instrumentais básicas |
| Reforzo educativo |
| Agrupamento de materiais por ámbitos ou contextos en 5º e 6º |
| Programa de enriquecemento curricular |
| Agrupamento de materias en ámbitos |
| Adaptación de materiais, espazos e tempos. Adaptacións metodolóxicas e organizativas que cumpran, tendo en conta os principios DUA e o modelo TEACCH |
| Axudas do persoal técnico auxiliar |
| Coordinación con recursos humanos externos |
| Deseño de reagrupamentos entre o alumnado |
| Contratos Programa: Refórza-T, Iguála-T, Eduemociona... PROA + **(SOLICITADOS MAIS SEN INFORMACIÓN SOBRE A SÚA APROBACIÓN NESTAS DATAS)** |
| Recreos inclusivos |
| Asesoramento a familias sobre a solicitude de actividades de Caixa ProInfancia. |
| Seguimento de protocolos TEA, THDA, AACC, dislexia,... adaptados ás características do alumnado do centro |

Asemade, deseñaranse e poranse en práctica **accións preventivas** e de **detección temperá**, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumno/a e deseñando actuacións conxuntas e na mesma liña metodolóxica cos diversos axentes que interveñen co noso alumnado de NEAE, así como con outras novas necesidades que poidan xurdir.

Para o presente curso académico definiuse o traballo coas seguintes NEAE:

- Altas capacidades intelectuais.
- Alumnado con trastorno de integración sensorial.
- Trastorno específico da aprendizaxe con dificultade na lectura/ escritura.
- TDAH. (Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade)
- Dificultade específica da lectura e da escritura.
- Alumnado procedente do estranxeiro e/ou pouco coñecedor das linguas da nosa Comunidade Autónoma.
- TEA. (Trastorno do Espectro do Autismo)
- Atraso no desenvolvemento da linguaxe.
- Trastornos da aprendizaxe de tipo disléxico.
- Alumnado procedente de ambiente socio-familiar desfavorecido.
- Déficit de atención, alteracións da fala, da linguaxe e a articulación, etc.

Ademais, levaranse a cabo actuacións co profesorado e co alumnado en relación ao alumnado pertencente ao programa Alerta Escolar, como poden ser a realización de cursos formativos para saber máis sobre as problemáticas do alumnado afectado.

Cada seguimento realizarase de xeito diferente e en coordinación cos servizos implicados en cada caso: Servizos Sociais, EOE, SERGAS, gabinetes privados, logopedas, psicólogos e, por suposto, mantendo unha comunicación fluída en todo momento entre o centro educativo e as familias.

- **Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.**

A atención á diversidade, e en especial ao alumnado con NEAE, deberá contar cunha dotación adecuada de material, de profesorado especialista (PT, AL, orientadora...), espazos e tempos. En consecuencia, cando do alumnado con necesidades se trata, os informes psicopedagóxicos deben indicar que tipo de material específico e que profesorado especialista se require para ofrecerlle a ese alumnado unha atención de calidade.

A escolarización de alumnos e alumnas con NEAE requirirá que o centro adecúe os seus servizos ás necesidades que estes presenten. De aí que a supresión de barreiras, a ubicación nunha determinada aula, a adaptación dos lavabos e letrinas, o servizo de transporte, etc. se deban adaptar ás circunstancias específicas dos nenos/as con NEAE; todo o cal debe quedar claramente determinado nos informes de escolarización e/ou atención.

Por todo isto, destacamos como unha liña base de organización, as reunións do Departamento de Orientación, onde se coordinarán consensuadamente as intervencións e se establecerán os criterios para a organización de ditas intervencións, sempre tendo en conta as indicacións e suxestións realizadas por outros profesionais e/ou servizos que interveñen cos nenos e nenas.

A priorización á hora de abordar a intervención do alumnado con NEAE relativa á elaboración de avaliacións psicopedagóxicas e atención por parte de especialistas, quedará vinculada aos seguintes criterios:

- Alumnado de 4º de educación infantil e de 1º de educación primaria (cursos nos que se establecen reservas de praza para o alumnado con NEAE).
- Alumnado de educación primaria (posto que segundo o Decreto 155/2022, artigo 16, na etapa de EP poñerase especial énfase: "na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades").
- Alumnado que non foi atendido por parte do DO fronte ao que o foi en cursos anteriores e que xa está a ser obxecto dalgunha medida de atención á diversidade. É dicir:

priorizaránse as novas demandas fronte ás revisións/ modificacións/ incremento de medidas.

Por suposto, no caso de xurdir emerxencias derivadas de problemas de saúde, acoso escolar ou outras circunstancias graves que lle poidan acontecer ao alumnado, actuarase no mesmo momento en que se coñeza a situación.

- **Profesorado con dispoñibilidade horaria.**

Aquel alumnado que presente dificultades de aprendizaxe e precise de reforzo educativo, será atendido polo profesorado con dispoñibilidade horaria, para axudarlle na consecución dos criterios de avaliación.

Como norma xeral, todo o profesorado contará con horas no seu horario para atender as gardas e demais incidencias. As posibles horas nas que o profesorado non teña atención directa ao alumnado, formarán parte da oferta educativa que se presente ao inicio de curso como **apoio do profesorado con dispoñibilidade** horaria ás unidades que así o demanden, priorizando os cursos inferiores fronte aos superiores (por ser alumnado menos autónomo) e tendo en consideración o seguinte:

- Priorizarase o apoio ás aulas con maior número de alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Priorizarase o apoio ao alumnado que necesite medidas de reforzo educativo.
- Priorizarase o apoio ao alumnado que precise de programas educativos específicos.

- **Alumnado que precisa de apoio de PT e AL**

| Curso | Grupo | Nº alumnos | Nº repetidores | Nº alumnos con NEAE |
|---|---|---|---|---|
| 4º A EI | A | 24 | 0 | 3 |
| 4º B EI | B | 24 | 0 | 2 |
| 5º A EI | A | 23 | 0 | 1 |
| 5º B EI | B | 22 | 0 | 1 |
| 6º A EI | A | 23 | 0 | 1 |
| 6º B EI | B | 23 | 0 | 4 |
| 1º A EP | A | 21 | 0 | 3 |
| 1º B EP | B | 22 | 0 | 2 |
| 2º A EP | A | 25 | 0 | 7 |
| 2º B EP | B | 25 | 0 | 6 |
| 3º A EP | A | 17 | 0 | 4 |
| 3º B EP | B | 17 | 0 | 2 |
| 3ºC EP | C | 17 | 0 | 5 |
| 4º A EP | A | 25 | 0 | 5 |
| 4º B EP | B | 23 | 0 | 4 |
| 5º A EP | A | 24 | 0 | 6 |
| 5º B EP | B | 24 | 0 | 4 |
| 6º A EP | A | 25 | 0 | 3 |
| 6º B EP | B | 24 | 0 | 4 |

- **Estratexias metodolóxicas e organizativas**

As **estratexias metodolóxicas** son aquelas que podemos utilizar tanto para un grupo en xeral como para un alumno en particular. É un elemento clave na escola inclusiva e de atención a alumnado con necesidades educativas especiais, necesidades específicas de apoio educativa e alumnado en xeral. Existen diferentes tipos de estratexias metodolóxicas que se están a empregar neste CEIP. Son as seguintes:

- Programación de actividades con diferentes niveis de profundización.
- Programación de actividades de diferentes tipos: consolidación, desenvolvemento, reforzo, ampliación…
- Actividades por proxectos, tarefas, talleres…
- xogo como actividade para a acción didáctica.
- uso de recunchos como estratexia e metodoloxía.
- Alternancia de estratexias de traballo cooperativo e participativo onde se da cabida á individualidade.
- Traballo en equipo.
- Metodoloxías globalizadoras.

- Programas de enriquecemento curricular.
- Adaptar as actividades e instrumentos de avaliación.

As **estratexias organizativas** afectan a todo o que ten que ver ca organización do centro ou da aula. Son as seguintes:

**Coordinación:** a nivel de centro é fundamental a coordinación do profesorado entre si, así como co departamento de orientación e co equipo directivo. É tamén moi importante que exista unha boa coordinación con outros profesionais externos ao centro, así como con institucións, administracións e sobre todo coas familias.

**Optimización e aproveitamento de recursos:** tanto daqueles que xa posúe o centro como de todos os proporcionados pola administración educativa. É importante que nos centros haxa persoal dedicado a adaptar, elaborar e conseguir materiais didácticos orientados á diversidade e moi especialmente aos alumnos NEAE.

**Agrupamentos flexibles:** a flexibilidade nos agrupamentos é fundamental; débense realizar agrupamentos variados na aula seguindo o tipo de actividade, o momento do día ou os obxectivos que se persigan, así como potenciar actividades intergrupais e entre cursos.

**Organización espazo-temporal:** é prioritario a eliminación de todo tipo de barreiras arquitectónicas nos centros e que os espazos da aula se organicen de forma que calquera alumno/a poida desenvolverse autonomamente sexa cales sexan as súas condicións sensoriais e de mobilidade. Resulta imprescindible a existencia de tempos dentro e fóra do aula para a titoría colectiva (por exemplo asembleas), a titoría individual e a atención permanente ás familias.

**Modalidades de escolarización:** a escolarización do alumnado rexerase sempre polos principios de normalización e inclusión; aínda que, tendo en conta as circunstancias persoais de cada alumno/a, os recursos existentes e os ditames dos servizos de orientación e priorizando sempre a escolarización en centros ordinarios, poderán realizarse os seguintes tipos de escolarización:

- Escolarización en centros docentes ordinarios.
- Escolarización en centros docentes ordinarios de escolarización preferente.
- Escolarización en unidades de educación especial nos centros docentes ordinarios.

- Escolarización en centros de educación especial.
- Escolarización combinada entre un centro docentes ordinarios e unha unidade de educación especial ou un centro de educación especial.

- **Materiais e recursos específicos**

Ao igual que calquera centro educativo, o noso centro aproveitará todos os recursos dos que dispón, para garantir unha ensinanza de calidade. Estes recursos pódense dividir en materiais e recursos específicos.

Os **materiais** son aqueles recursos como: os impresos, audiovisuais e informáticos.

Cabe dicir que ademais dos recursos impresos de toda a vida (fichas, mapas, dicionarios…) o CEIP conta cunha biblioteca de centro aberta ás necesidades do alumnado todas as mañás. Ademais, cada aula conta coa súa biblioteca persoal da que botar man en calquera momento que se precise.

Os recursos audiovisuais dos que dispón son o encerado dixital interactivo existente en todas as aulas, o que fai que a explicación dos contidos sexa máis visual e atractiva para o alumnado.

Por último, cabe mencionar que como recursos informáticos, contamos cun aula TIC, provista de 25 ordenadores para o alumnado.

Os **recursos específicos** son aqueles que ademais de servir para todo o alumnado, poden axudar en concreto a aquel alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.

Estes recursos son:

- Dúas mestras de pedagoxía terapéutica.
- Dúas mestras de audición e linguaxe.
- Unha mestra de audición e linguaxe.
- Unha coidadora.
- Unha orientadora.
- Unha mestra de primaria pertencente ao programa PROA+.

- Profesorado con dispoñibilidade horaria para o apoio internivel.
- Equipo de orientación específico.
- Dúas profesoras de apoio á educación infantil.
- Tablets para seguir as explicacións dunha forma máis individual e motivadora.

## 16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO O DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓNS MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO (PAADO).

| CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| **ALGUNHAS ACTUACIÓNS CLAVE ESPECIFICADAS POR DATAS** | | | |
| **Datas** | **Tarefas** | **Responsables** | **Recursos** |
| Antes do comezo de curso | Elaboración de proposta de apoios especializados para alumnado con NEAE | Equipo directivo, DO | Informes<br>Memorias<br>Seguimentos |
| Antes do comezo de curso | Deseño de folletos e propostas para as familias de cara á incorporación do alumnado ao centro. | DO | Folleto, blog |
| Antes do comezo de curso | Colaboración co equipo directivo para posta en marcha da axenda escolar neste curso. | DO, Equipo directivo | Axenda escolar, |
| Antes do comezo de curso | Adaptación do protocolo de diabetes á nova situación do alumno | DO, Equipo directivo | Protocolo de diabetes |
| Antes do comezo de curso | Preparación de calendario de xuntanzas da xefa do DO e a XE co profesorado para informar sobre o alumnado, os grupos e as características específicas | DO, XE | Calendario |
| 1ª semana de setembro | Deseño de propostas para a acollida co alumnado relacionadas con "competencia dixital", "educación emocional e social", "novas normas", "actuacións de prevención", "avaliación inicial" de acordo coas instrucións e protocolos. | XD Orientación | Carpeta dixital con materiais para a acollida |
| 1ª semana de setembro | Plan de acollida do profesorado novo.<br>Información sobre o centro e o grupo de alumnado<br>Información ao profesorado que cambia de grupo de alumando | XD Orientación<br>Xefatura de estudos | Plan de acollida<br>Carpeta dixital do profesorado<br>Informes. |
| 1ª semana de setembro | Contacto familias de novo alumnado no centro.<br>Entrevistas | XD Orientación<br>Titorías de 4º de EI | Entrevistas<br>Plan período de adaptación |

| CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| **ALGUNHAS ACTUACIÓNS CLAVE ESPECIFICADAS POR DATAS** | | | |
| **Datas** | **Tarefas** | **Responsables** | **Recursos** |
| 1ª semana de setembro | Acollidas ao alumnado TEA e familias previas ao inicio de clases . Elaboración conxuntamente co profesorado do guión. | XD Orientación<br>Titorías | Guión de acollida |
| 1ª semana de setembro | Colaboración na planificación de actividades informativas e de orientación para coidar o tránsito entre etapas. | XD Orientación<br>Titorías<br>X.E. | Plan acollida |
| 1ª semana de setembro | Acomodación do período de adaptación para o alumnado de 4º de EI. | XD Orientación<br>Titorías de EI<br>XE | Plan de adaptación<br>Calendario escolar |
| 1ª semana de setembro | Deseño de plan personalizado de atención ao alumnado con diabetes | XD Orientación<br>Titorías de 5ºEI<br>Equipo directivo<br>Familia do alumnado implicado<br>ATE | Plan personalizado de diabetes |
| 1ª semana de setembro | Xuntanza co persoal técnico auxiliar para comentar medidas de atención . | XD Orientación<br>ATE<br>XE | Plan de atención á diversidade |
| 1ª semana de Setembro | Constitución do DO | XD orientación<br>Profesorado membro do DO | Recursos do DO |
| 2ª semana de setembro | Colaborar co profesorado de 5º e 6º para reelaborar o documento sobre empréstito de portátiles Edixgal ao alumnado tendo en conta normas, seguridade, relacións adecuadas,... | XD Orientación<br>Equipo TIC<br>Titorías 5º e 6º | Normas para uso de portátiles |
| 2ª semana de setembro | Valoración das necesidades iniciais de apoio especializado e axuste de acordo cos recursos do centro | XD Orientación<br>Xefatura de estudos | Informes<br>Datos memoria<br>Informes obtidos nas reunións |
| 2ª semana de setembro | Elaboración de horarios do departamento | Xefatura de estudos<br>XD orientación | Recursos do departamento<br>Horarios dos grupos |
| 2ª e 3ª semana de setembro | Axudar no deseño de documento-resumo sobre canles de comunicación familia-escola adaptado á nova situación | Xefatura de estudos<br>XD orientación<br>CCP<br>Titorías | Plan de acción titorial |
| 2ª e 3ª semana de setembro | Axuda ao equipo da biblioteca sobre recursos que atendan á diversidade e potencien valores. | XD orientación<br>Equipo de biblioteca | Plan de atención á diversidade<br>Protocolo biblioteca |
| 2ª e 3ª semana de setembro | Preparación das avaliacións iniciais . | XD orientación<br>Titorías<br>Xefatura de estudos | Guías de avaliación inicial |

**CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN**

**ALGUNHAS ACTUACIÓNS CLAVE ESPECIFICADAS POR DATAS**

| Datas | Tarefas | Responsables | Recursos |
|---|---|---|---|
| 2ª e 3ª semana de setembro | Desenvolvemento do período de adaptación para o alumnado de 4º de EI. | XD orientación<br>Titorías | Plan de adaptación<br>Calendario escolar |
| 3ª semana de setembro | Xuntanzas coas titorías para preparar as xuntanzas coas familias. Axuste dos recursos ás novas situacións xeradas pola LOMLOE | XD orientación<br>Profesorado<br>XE | Plan de acción titorial.<br>Folletos xerais de nivel<br>Presentacións en ppt para compartir nas xuntanzas<br>Guión de xuntanzas coas familias |
| 3ª e 4ª semana de setembro | Colaboración no deseño e posta en marcha do programa PROA.<br>Colaboración na solicitude das modalidades EDUEMOCIONA, IGUÁLA-T dos contrato-programa | XD orientación<br>Titorías<br>Xefatura de estudos | Programa PROA<br>Contratos- programa |
| 3ª e 4ª semana de setembro | Elaboración de informes para becas de ANEAE | XD orientación | Informes<br>Instrucións da Inspección |
| 3ª e 4ª semana de setembro | Xuntanza co persoal técnico auxiliar do centro para revisar tarefas e atopar fórmulas conxuntas para mellor atención e maior autonomía do alumnado e solicitar axudas no plan de diabetes. | Persoal ATE<br>XD orientación<br>Titorías<br>Xefatura de estudos | Datos das xuntanzas previas |
| 3ª e 4ª semana de setembro | Colaboración na avaliación inicial, achega de recursos. Reforzar as actuacións dirixidas á identificación de necesidades educativas en colaboración co profesorado | XD orientación<br>Titorías<br>Xefatura de estudos | Guías de avaliación inicial |
| 4ª semana de setembro | Seguimento do alumnado | Persoal ATE<br>XD orientación<br>Titorías<br>Xefatura de estudos<br>Profesorado especialista PT e AL | Rexistros<br>Informes trimestrais de seguimento TEA, AACC, THDA, AC |
| Setembro | Colaboración na posta en marcha do Plan dixital de centro e o plan de educación emocional deseñados o curso pasado | XD orientación<br>Equipo TIC<br>CCP<br>Equipo de biblioteca,...<br>Profesorado | Plans e protocolos relacionados |
| 4ª semana de setembro/ 1ª semana de outubro | Realización da concreción anual do PAD/PAT/POE dentro do Plan anual do DO. Entrega ao equipo directivo para a PXA. | XD Orientación<br>DO<br>titorías<br>CCP | Memoria anterior<br>Datos xerais do alumnado<br>Informes<br>Necesidades detectadas |

| CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| **ALGUNHAS ACTUACIÓNS CLAVE ESPECIFICADAS POR DATAS** | | | |
| **Datas** | **Tarefas** | **Responsables** | **Recursos** |
| | | | Obxectivos marcados na CCP |
| 4ª semana de setembro/ 1ª semana de outubro | Realización das primeiras xuntanzas coas familias | XD Orientación<br>DO<br>titorías<br>CCP | Plan de acción titorial.<br>Folletos xerais de nivel<br>Presentacións en ppt para compartir nas xuntanzas<br>Guión de xuntanzas coas familias |
| 1ª/2ª semana de outubro | Sesións de avaliacións inicial | Xefatura de estudos<br>Titorías<br>XD orientación<br>Profesorado do grupo | Datos e informes<br>Actas<br>Instrumentos de rexistro de datos avaliación |
| 1ª/2ª semana de outubro | Posta en marcha do deseño das AC de 6º prevista para o curso . | XD Orientación<br>Titorías<br>Profesorado especialista involucrado | Informes<br>Datos da avaliación inicial<br>Modelo de AC |
| 4ª semana de outubro | Seguimento do alumnado | Persoal ATE<br>XD orientación<br>Titorías<br>Xefatura de estudos<br>Profesorado especialista PT e AL | Rexistros<br>Informes trimestrais de seguimento TEA, AACC, THDA, AC |
| Outubro/Novembro | Valoración segundo protocolo do alumnado de 4º EI | XD orientación | Recursos DO |
| Última semana de clase en decembro | Seguimento do alumnado | Persoal ATE<br>XD orientación<br>Titorías<br>Xefatura de estudos<br>Profesorado especialista PT e AL | Rexistros<br>Informes trimestrais de seguimento TEA, AACC, THDA, AC |
| Cando cumpra | Cumplimentación do Drdadi e Drdorienta | XD Orientación | Informes DO |
| Decembro | Participación nas sesións da 1ª avaliación. | XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL<br>Titorías<br>Profesorado do grupo | Informes |
| Decembro | Seguimento dos apoios ao alumnado con NEAE e dos programas de intervención desenvolvidos, introducindo as melloras que cumpran. Revisión, se cumprise, dos horarios de apoio en | XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL<br>ATE | Informes |

| CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| **ALGUNHAS ACTUACIÓNS CLAVE ESPECIFICADAS POR DATAS** | | | |
| **Datas** | **Tarefas** | **Responsables** | **Recursos** |
| | función da avaliación e do seguimento.<br>Seguimento das actuacións de ATE. | | |
| Decembro | Colaboración na avaliación dos Plans de centro e no deseño dos novos plans dixital e afectivo emocional. | Equipo directivo, DO, CCP, equipo TIC,... | Plans |
| Decembro | Iniciación do plan de educación afectivo-sexual 6º | XD Orientación<br>Titorías de 6º | Recursos DO |
| Xaneiro | Valoración dos resultados da 1ª avaliación e posta en marcha das medidas pertinentes que atinxan ao departamento. | XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL<br>Titorías<br>Profesorado do grupo | Informes obtidos na 1ª avaliación<br>Actas |
| Xaneiro | Valoración da posta en marcha do programa PROA dentro dos contrato programa. | XD Orientación<br>Titorías<br>XE | Informes e deseño programa |
| 4ª semana de xaneiro | Seguimento do alumnado | Persoal ATE<br>XD orientación<br>Titorías<br>Xefatura de estudos<br>Profesorado especialista PT e AL | Rexistros<br>Informes trimestrais de seguimento TEA, AACC, THDA, AC |
| Marzo/Abril | Participación nas sesións da 2ª avaliación<br>Seguimento do alumnado NEAE | XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL<br>Profesorado do grupo | Rexistros<br>Informes trimestrais de seguimento TEA, AACC, THDA, AC |
| Marzo/Abril | Seguimento dos apoios ao alumnado con NEAE e dos programas de intervención desenvolvidos, introducindo as melloras que cumpran.<br>Revisión, se cumprise, dos horarios de apoio en función da avaliación e do seguimento.<br>Seguimento das actuacións de ATE | XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL<br>ATE | Informes |
| Marzo/Abril | Realización de avaliación psicopedagóxica ao abeiro da orde de admisión de alumnado, naqueles casos de alumnado con NEAE | XD Orientación | Informes |
| Maio | Acollida das familias novas. Posta en marcha da 1ª fase do período de adaptación | XD orientación<br>Titorías de EI<br>Equipo directivo | Presentación<br>Folletos<br>Plan período |

| CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| **ALGUNHAS ACTUACIÓNS CLAVE ESPECIFICADAS POR DATAS** | | | |
